

Explotación da Mostra continua de vidas laborais

Datos correspondentes ao ano 2023

Data de publicación: 24/10/2025

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	2
Persoas afiliadas en alta laboral	2
Salarios anuais	5
Salarios por hora nos sete grandes concellos galegos	9
Definicións e máis información	15
Definicións	15
Máis información	15

Principais resultados

- En 2023, 1.208.325 persoas de 16 e máis anos estiveron en alta laboral coa Seguridade Social nalgún momento do ano, un 1,4 % máis que en 2022.
- O 68,5 % das persoas que estiveron en alta laboral no ano 2023 traballaron todo o ano.
- O 79 % das persoas que estiveron en alta laboral no ano 2023 traballaron nunha soa empresa.
- A media do salario bruto anual situouse no ano 2023 en 21.738€, 1.186€ máis que en 2022.
- O salario medio por hora en Galicia aumentou de 8,1€ en 2016 a 9,8€ en 2023, un 21 % máis, sendo de 10,4€ para os homes e de 9,2€ para as mulleres.
- Dos sete grandes concellos, A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela teñen os salarios por hora máis altos, tanto en media como en mediana.

1. Introducción

A Mostra continua de vidas laborais (MCVL) é un conxunto de microdatos anonimizados procedentes de rexistros da Seguridade Social, do Padrón municipal de habitantes e da Axencia Tributaria. A MCVL constitúe unha mostra representativa das persoas que durante o ano tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben por que percibiron algún tipo de pensión contributiva da Seguridade Social. Para poder interpretar correctamente os datos hai que ter en conta as seguintes consideracións:

- Os datos non fan referencia a unha data concreta, senón que se inclúe a todas as persoas que tiveron relación coa Seguridade Social nalgún momento do ano 2023.
- Non se dispón de información referente a persoas traballadoras que teñen un sistema de previsión social distinto ao da Seguridade Social, por exemplo as persoas funcionarias de clases pasivas.
- Unha mesma persoa puido manter ao longo do ano varias relacións coa Seguridade Social.

No referente ao salario por hora, hai que ter en conta que para este cálculo se traballa con relacións contractuais en alta laboral a 31 de outubro de cada ano, co obxecto de que os resultados poidan ser comparables cos procedentes da Enquisa de estrutura salarial do [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#). Ademais, e para limitar o efecto distorsionante que producen as relacións contractuais de moi curta duración sobre os datos agregados, estudáronse unicamente as relacións que cumpriran a condición de estar en alta, polo menos, durante os tres meses completos de setembro, outubro e novembro. Polo tanto, para calcular o salario por hora primeiramente distribuíuse o salario anual entre as distintas relacións contractuais en función da duración de cada unha, ponderada polo coeficiente de tempo parcial. Así obtívose a percepción salarial diaria en cada relación contractual:

Percepción salarial diaria = Importe anual / (Número de días traballados x Coeficiente de tempo parcial)

A continuación, para calcular a percepción salarial por hora, distribuíuse a percepción diaria ao longo dunha xornada laboral normal de 8 horas:

Percepción salarial por hora = Percepción salarial diaria / 8

O número de días traballados obtense considerando o tempo que a persoa se atopa afiliada á Seguridade Social en alta laboral.

Para máis información sobre a explotación da MCVL, consultar [aquí](#).

2. Persoas afiliadas en alta laboral

Durante o ano 2023, 1.208.325 galegos e galegas en idade laboral (de 16 ou máis anos) mantiveron algunha relación de afiliación en alta laboral coa Seguridade Social, un 1,4 % máis que no ano 2022.

Poboación que estivo en alta laboral segundo o tempo traballado no ano e a idade. Ano 2023 . Galicia

Unidade: persoas de 16 e máis anos

Idade	Total	Menos de 1 mes	De 1 mes a menos de 6 meses	De 6 meses a menos de 1 ano	Todo o ano
Total	1.208.325	32.350	121.525	227.275	827.175
De 16 a 24 anos	83.925	11.850	32.900	24.075	15.100
De 25 a 34 anos	205.525	5.750	25.150	59.400	115.225
De 35 a 44 anos	294.800	4.750	22.025	55.600	212.425
De 45 a 54 anos	351.175	5.175	22.325	53.175	270.500
De 55 a 64 anos	238.100	3.775	13.725	27.875	192.725
65 ou máis anos	34.800	1.050 *	5.400	7.150	21.200

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

Nota: (*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.


O 68,5 % das persoas afiliadas traballou durante todo o ano 2023, o 18,8 % traballou seis ou máis meses pero sen chegar ao ano completo, o 10,1% entre un mes e seis meses e o 2,7% traballou menos de un mes en todo o ano

A porcentaxe de persoas que traballaron todo o ano varía coa idade: o 18 % entre menores de 25 anos; arredor do 56 % entre 25 e 34 anos, e alcanza o 80,9 % entre 55 e 64 anos.

Por sexo, a porcentaxe de homes que estiveron afiliados en alta laboral durante todo o ano 2023 foi do 69,8 %, 2,8 puntos por riba da porcentaxe observada entre as mulleres (que se sitúa en 67 %).

Persoas afiliadas que traballaron durante todo o ano segundo a idade. Galicia

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

No gráfico de abaixo represéntase o número medio de anos de afiliación en alta laboral segundo o sexo e a idade da persoa, para todos/as os/as residentes en Galicia de 16 ou máis anos que estiveron afiliadas en alta laboral nalgún momento de 2023. Cabe destacar que, a medida que aumenta a idade, increméntase a diferenza entre o número medio de anos traballados polos homes e polas mulleres, debido á tardía incorporación da muller ao mercado laboral.

Número medio de anos de afiliación en alta laboral segundo o sexo e a idade. Galicia. Ano 2023

Unidade: anos



Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

Nota: o número medio de anos traballados calculouse para as persoas afiliadas en alta laboral nalgún momento do ano de referencia.

No tocante á vida laboral das persoas afiliadas, o 46,9 % das persoas que nalgún momento de 2023 estiveron afiliadas en alta laboral levaba traballado menos de 15 anos, o 29,7 % entre 15 e 25 anos e o 23,4 % 25 ou máis anos.

Entre as persoas afiliadas máis próximas á idade de xubilación (os de 55 ou máis anos), a porcentaxe das que levaban afiliadas en alta laboral menos de 15 anos é do 14,2 %. O 21,6 % levaba traballando entre 15 e menos de 25 anos e, finalmente, o 64,1 % restante 25 ou máis anos.

Dos 1.208.325 galegos e galegas que en 2023 mantiveron algunha relación de afiliación en alta laboral coa Seguridade Social, 1.012.450 estiveron afiliadas por conta allea nalgún momento do ano. O 79 % destas persoas afiliadas por conta allea traballou para unha soa empresa en 2023 (todo o ano ou parte del). Esta porcentaxe tamén cambia en función da idade da persoa. Así, entre os/as menores de 25 situouse no 61,1 %, mentres que 9 de cada 10 persoas de 55 ou máis anos prestou servizos a unha única empresa en 2023.

Poboación que estivo afiliada en alta laboral por conta allea segundo o número de empresas nas que traballou no ano e a idade. Galicia

Unidade: Persoas de 16 e máis anos

Idade	Ano 2022			Ano 2023		
	Total	Unha empresa	Dúas ou máis empresas	Total	Unha empresa	Dúas ou máis empresas
Total	993.800	779.775	214.025	1.012.450	800.125	212.325
De 16 a 24 anos	75.950	46.900	29.050	81.575	49.875	31.700
De 25 a 34 anos	192.350	129.325	63.025	189.850	130.825	59.025
De 35 a 44 anos	260.925	207.225	53.700	253.800	203.650	50.150
De 45 a 54 anos	277.625	231.675	45.950	287.650	238.975	48.675
De 55 ou máis anos	186.950	164.650	22.300	199.575	176.800	22.775

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

3. Salarios anuais

A media do salario bruto para as persoas afiliadas por conta allea acadou os 21.738 euros anuais en 2023. Para as persoas afiliadas por conta allea durante todo o ano, a media sitúase nos 27.943 euros anuais; para o resto de persoas, as que traballaron só parte do ano, o salario medio anual sitúase nos 10.874 euros.

No que respecta ao valor mediano, a metade dos asalariados e das asalariadas galegas percibiu uns rendementos polo traballo inferiores aos 18.577 euros anuais.

Entre o 2022 e o 2023, o salario medio anual aumentou en 1.186 euros/ano. Obsérvanse diferenzas entre as persoas que traballaron o ano completo ou só parte do ano: o salario medio anual de ambos grupos aumentou entre 2022 e 2023, pero o incremento foi máis acusado no caso do primeiro grupo de persoas traballadoras. Este ingresou de media 1.246 euros máis en 2023 que no ano 2022. Por outra banda, o salario medio das persoas que traballaron parte do ano aumentou en 428 euros.

Media e mediana do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano. Galicia

Unidade: euros/ano


Tempo traballado	2022	2023	Diferenza
Media			
- Total	20.552	21.738	1.186
- Todo o ano	26.697	27.943	1.246
- Parte do ano	10.446	10.874	428
Mediana			
- Total	17.431	18.577	1.146
- Todo o ano	21.837	23.070	1.233
- Parte do ano	8.414	8.832	418

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

Entre as persoas que traballaron todo o ano por conta allea, obsérvase como o salario se incrementa notablemente a medida que aumenta a idade da persoa, pasando de 16.712 euros para os mozos e mozas menores de 25 anos, aos 29.836 euros para a poboación de 55 a 64 anos.

Media do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano e a idade. Galicia. Ano 2023

Unidade: euros/ano



Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

Por outra banda, en 2023 a media do salario bruto anual foi de 23.913 euros para os homes e 19.527 para as mulleres (4.386 euros menos). Ao restrinxir a análise ás persoas que estiveron afiliadas en alta laboral por conta allea durante todo o ano, a diferenza (en termos absolutos) é maior: 30.571 euros para os homes fronte 25.214 para as mulleres (5.357 euros menos).

Media e mediana do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano e o sexo. Galicia. Ano 2023

Unidade: euros/ano

Sexo	Total	Todo o ano	Parte do ano
Media			
- Total	21.738	27.943	10.874
- Homes	23.913	30.571	11.914
- Mulleres	19.527	25.214	9.854
Mediana			
- Total	18.577	23.070	8.832
- Homes	20.734	24.527	9.796
- Mulleres	16.536	20.618	7.973

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

Dos sete concellos galegos con maior poboación, Santiago de Compostela presentaba no 2023 o salario bruto máis alto, con 25.397 euros anuais de media, seguido da Coruña, con 25.468 euros ao ano. No extremo oposto atopábase o concello de Lugo, onde os afiliados e as afiliadas por conta allea percibiron de media uns 21.030 euros/ano, sendo o único concello, entre os 7 de maior poboación, onde o salario medio se sitúa por debaixo da media de Galicia (21.738 euros/ano).

Media do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano. Grandes concellos. Ano 2023

Unidade: euros/ano

Espazo	Total	Todo o ano	Parte do ano
Coruña, A	25.468	32.897	10.782
Ferrol	22.155	29.183	10.852
Santiago de Compostela	25.397	32.120	11.937
Lugo	21.030	26.679	10.381
Ourense	22.420	28.387	11.643
Pontevedra	23.296	29.963	11.589
Vigo	23.298	30.236	10.658

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social ([descarga da táboa](#)).

4. Salarios por hora nos sete grandes concellos galegos

En 2023 o salario medio por hora en Galicia situouse nos 9,8€ e a mediana en 7,9€, indicando que o 50 % das persoas asalariadas percibe menos de 7,9€ por hora. Nos sete grandes concellos galegos, agás Lugo, o salario medio é igual ou superior á media autonómica. No referente ao sexo, os homes cobran máis que as mulleres en todos os casos, tanto en media coma en mediana. A diferenza é menor en Pontevedra (+0,3 €/h) e maior en Ferrol (+1,2 €/h).

Media e mediana dos salarios brutos por hora. Galicia e grandes concellos. Ano 2023


Unidade: euros por hora

	Media			Mediana		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	9,8	10,4	9,2	7,9	8,3	7,2
15030 Concello da Coruña	11,4	12,4	10,4	8,5	9,0	8,0
15036 Concello de Ferrol	10,3	10,9	9,6	8,4	9,0	7,8
15078 Concello de Santiago	11,0	11,8	10,3	8,8	9,1	8,5
27028 Concello de Lugo	9,6	10,1	9,2	7,6	7,9	7,5
32054 Concello de Ourense	9,8	10,1	9,5	7,7	8,0	7,3
36038 Concello de Pontevedra	10,5	10,9	10,0	8,7	8,8	8,5
36057 Concello de Vigo	11,0	11,4	10,6	8,6	9,1	8,1

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social.

Media e mediana dos salarios por hora. Galicia e grandes concellos. Ano 2023


unidades: euros por hora



Fonte: elaboración IGE a partir da MCVL facilitada pola Seguridade Social.

Mediana dos salarios por hora segundo o sexo. Galicia e grandes concellos. Ano 2023

unidades: euros por hora



Fonte: elaboración IGE a partir da MCVL facilitada pola Seguridade Social

Na seguinte táboa pódese observar a evolución dos salarios medios e medianos por hora dende o ano 2016 en Galicia, nas provincias e nos sete grandes concellos da nosa Comunidade Autónoma. A táboa mostra unha evolución xeralmente positiva dos salarios medios e medianos por hora en Galicia desde o ano 2016 ata o 2023. En Galicia, o salario medio por hora pasou de 8,1€ en 2016 a 9,8€ en 2023, o que supón un aumento do 21 % en sete anos. A mediana tamén subiu de 6,4€ a 7,9€, un incremento do 23 %, o que indica unha mellora tamén para os salarios situados na metade inferior da distribución. A Coruña, Vigo e Santiago presentan os salarios máis altos, tanto en media como en mediana, superando en 2023 os 10,5 € por hora na media en A Coruña (11,4 €) e Vigo (11,0 €).

[H]

Evolución dos salarios por hora. Galicia e grandes concellos. Ano 2023
Unidade: euros por hora

	Media									Mediana								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023		
Galicia	8,1	8,4	8,4	8,6	8,4	8,9	9,4	9,8	6,4	6,6	6,7	6,9	6,8	7,1	7,5	7,9		
15 A Coruña	8,5	8,7	8,7	9,0	8,8	9,2	9,9	10,2	6,6	6,8	6,9	7,1	6,9	7,2	7,7	8,1		
15030 Concello da Coruña	9,7	9,6	9,7	10,2	9,9	10,2	10,9	11,4	7,1	7,2	7,2	7,5	7,4	7,7	8,2	8,5		
15036 Concello de Ferrol	8,6	8,4	8,7	8,6	8,4	8,8	9,6	10,3	7,1	7,1	7,2	7,4	7,2	7,5	7,9	8,4		
15078 Concello de Santiago	9,2	9,5	9,4	10,1	9,5	10,0	10,6	11,0	7,3	7,5	7,5	7,9	7,9	8,2	8,5	8,8		
27 Lugo	7,2	7,6	7,6	7,8	7,7	8,2	8,6	9,0	5,9	6,1	6,2	6,4	6,4	6,7	7,0	7,3		
27028 Concello de Lugo	7,8	7,9	8,1	8,1	8,0	8,4	9,0	9,6	6,4	6,4	6,6	6,8	6,6	6,9	7,3	7,6		
32 Ourense	7,3	7,8	7,5	7,8	7,6	8,1	8,5	9,0	5,9	6,0	6,1	6,3	6,2	6,6	6,8	7,2		
32054 Concello de Ourense	8,0	8,1	8,1	8,4	8,3	8,9	9,2	9,8	6,4	6,5	6,6	6,7	6,5	7,1	7,4	7,7		
36 Pontevedra	8,2	8,4	8,5	8,7	8,4	8,9	9,4	9,8	6,5	6,7	6,8	7,0	6,8	7,2	7,5	7,9		
36038 Concello de Pontevedra	8,5	8,5	8,6	9,0	8,8	9,3	9,9	10,5	7,2	7,1	7,2	7,6	7,4	7,8	8,2	8,7		
36057 Concello de Vigo	9,1	9,4	9,4	9,6	9,2	9,8	10,4	11,0	7,4	7,5	7,5	7,8	7,5	7,9	8,1	8,6		

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social.

Segundo a idade, os salarios medios por hora aumentan co aumento da idade, sendo máis altos nas persoas de 55 e máis anos en todos os grandes concellos, agás Ferrol e Pontevedra. Nos salarios medianos, esta relación non se cumpre en Ferrol, Pontevedra e Vigo, concellos nos que o grupo de 45 a 54 anos percibe o salario mediano máis alto.

Media e mediana dos salarios por hora segundo os grupos de idade. Galicia e grandes concellos. Ano 2023
Unidade: euros por hora

	Media					Mediana				
	Total	[16,35]	[35,45]	[45,55]	55 e máis	Total	[16,35]	[35,45]	[45,55]	55 e máis
Galicia	9,8	8,1	9,8	10,3	10,7	7,9	7,0	7,9	8,2	8,3
15030 Concello da Coruña	11,4	8,8	11,6	12,2	12,3	8,5	7,2	8,9	8,9	9,2
15036 Concello de Ferrol	10,3	8,6	10,0	11,2	11,0	8,4	8,0	8,2	9,2	8,5
15078 Concello de Santiago	11,0	8,9	11,0	11,8	11,9	8,8	7,4	8,7	9,5	9,6
27028 Concello de Lugo	9,6	8,3	8,7	9,7	11,8	7,6	6,9	7,5	7,9	8,5
32054 Concello de Ourense	9,8	8,5	9,2	9,3	12,0	7,7	6,9	7,3	7,7	8,9
36038 Concello de Pontevedra	10,5	8,9	10,3	11,5	10,5	8,7	7,4	8,6	9,1	9,0
36057 Concello de Vigo	11,0	8,4	11,4	11,5	12,0	8,6	6,9	8,6	9,4	9,0

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social.

Se temos en conta o tipo de xornada, o salario medio por hora das persoas con xornada a tempo parcial en Galicia é menor que o das persoas con xornada a tempo completo. Esta situación mantense nos sete grandes concellos galegos.

Media dos salarios por hora segundo o sexo e o tipo de xornada. Galicia e grandes concellos. Ano 2023


Unidade: euros por hora

	Total			Completa			Parcial		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	9,8	10,4	9,2	10,2	10,5	9,7	8,5	9,6	8,0
15030 Concello da Coruña	11,4	12,4	10,4	12,0	12,8	11,2	8,8	9,9	8,3
15036 Concello de Ferrol	10,3	10,9	9,6	10,8	11,1	10,2	8,8	9,5 *	8,4
15078 Concello de Santiago	11,0	11,8	10,3	11,5	12,0	11,0	9,1	10,8	8,1
27028 Concello de Lugo	9,6	10,1	9,2	9,8	9,8	9,8	9,0	12,6	7,6
32054 Concello de Ourense	9,8	10,1	9,5	10,3	10,2	10,4	7,8	9,3	7,2
36038 Concello de Pontevedra	10,5	10,9	10,0	10,9	11,0	10,7	8,7	10,2	8,0
36057 Concello de Vigo	11,0	11,4	10,6	11,3	11,7	10,7	10,1	9,5	10,3

Fonte: elaboración IGE a partir da Mostra continua de vidas laborais facilitada pola Seguridade Social.

Nota: (*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un elevado erro de mostraxe.

Por último, no seguinte gráfico amósase a densidade dos salarios por hora para os sete grandes concellos de Galicia. Nel pódese observar como de concentrado se atopa o salario por hora en torno ao valor modal. En termos xerais, a distribución é similar nos sete concellos máis poboados de Galicia. Lugo é o concello con aparente maior concentración de persoas en torno ao valor modal e, polo tanto, o que amosa menor dispersión salarial. No concello de Santiago de Compostela, pola contra, a distribución suxire que existe maior variabilidade no salario por hora que perciben os seus residentes.



5. Definicións e máis información

5.1. Definicións

5.2. Máis información

- Poboación de 16 ou máis anos que no ano de referencia estivo afiliada en alta laboral segundo o tempo traballado nese ano e a idade. Galicia e provincias
- Poboación de 16 ou máis anos que no ano de referencia estivo afiliada en alta laboral segundo o tempo traballado nese ano e o sexo. Galicia e provincias
- Poboación de 16 ou máis anos que no ano de referencia estivo afiliada en alta laboral segundo o tempo traballado ao longo da súa vida laboral, o sexo e a idade. Galicia
- Número medio de anos de afiliación en alta laboral segundo o sexo e a idade. Galicia
- Poboación de 16 ou máis anos que no ano de referencia estivo afiliada en alta laboral por conta allea segundo o número de empresas nas que traballou ese ano e a idade. Galicia e provincias
- Poboación que no ano de referencia estivo afiliada en alta laboral por conta allea segundo o intervalo de salario bruto anual, o tempo traballado e o sexo. Galicia
- Media/mediana do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano, o sexo e a idade. Galicia
- Media/mediana do salario bruto anual segundo o tempo traballado por conta allea no ano. Grandes concellos
- Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea, segundo o sexo e a rama de actividade (seccións da CNAE-09). Galicia, provincias e sete grandes concellos
- Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea, segundo o tipo de contrato e o sexo. Galicia, provincias e sete grandes concellos
- Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea, segundo o tipo de xornada e o sexo. Galicia, provincias e sete grandes concellos
- Salarios por hora das persoas empregadas por conta allea, segundo o grupo de idade e o sexo. Galicia, provincias e sete grandes concellos